- Responsable do ficheiro ou tratamento: persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.

- Encargado do tratamento: persoa física ou xurídica que trate datos persoais por conta do responsable do tratamento.

- Afectado ou interesado: persoa física titular dos datos que sexan obxecto de operacións de tratamento.

- Consentimento do interesado: toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lle concirnen.

- Cesión ou comunicación de datos: toda revelación de datos realizada a unha persoa distinta do interesado.

- Fontes accesibles ó público: aqueles ficheiros cuxa consulta pode ser utilizada por calquera persoa.

* Teñen a condición de fontes de acceso público, exclusivamente, o censo promocional, os repertorios telefónicos (tendo en conta que cada nova edición impresa invalida o carácter de fonte accesible das anteriores edicións) e as listas de persoas pertencentes a grupos de profesionais que conteñan só os datos de nome, título, profesión, actividade, grao académico, enderezo e indicación da súa pertenza ó grupo. Así mesmo, teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación.

- Sistema de información: conxunto de ficheiros automatizados, programas, soportes e equipos empregados para o almacenamento e tratamento de datos de carácter persoal.

- Recurso: calquera parte compoñente dun sistema de información.

- Usuario: suxeito ou proceso autorizado para acceder a datos ou recursos.

- Identificación: procedemento de recoñecemento da identidade dun usuario.

- Autenticación: procedemento de comprobación da identidade dun usuario.

- Control do acceso: mecanismo que en función á identificación xa autenticada permite acceder a datos ou recursos.

- Contraseñal: información confidencial, frecuentemente constituída por unha cadea de caracteres, que pode ser usada na autenticación dun usuario.

- Incidencia: calquera anomalía que puidese afectar á seguridade dos datos.

- Soporte: obxecto físico susceptible de ser tratado nun sistema de información e sobre o cal se poden gravar ou recuperar datos.

- Responsable de seguridade: persoa ou persoas ás que o responsable do ficheiro asignou formalmente a función de coordinar e controlar as medidas de seguridade aplicables.

- Copia de respaldo: copia dos datos dun ficheiro automatizado nun soporte que posibilita a súa recuperación.

Tratamento dos datos de carácter persoal:

Principios básicos

Por tratamento de datos de carácter persoal enténdese calquera operación de captura de datos persoais en soporte informático ou en soporte papel, manexo de fichas e impresos con datos persoais, consulta e/ou actualización dos datos incluídos nun expediente, gravación nun ordenador (base de datos, folla de cálculo, procesador de textos, etc.), utilización dos datos para realizar un mailing, análises dos datos para xerar perfís e patróns de comportamento, etc.

Os cidadáns ós que se soliciten datos persoais deben ser previamente informados de modo expreso, preciso e inequívoco, da existencia dun ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, da finalidade da recollida destes e dos destinatarios da información. Ademais, o procedemento de información ós cidadáns terase que levar a cabo a través dun medio que permita acreditarlo seu cumprimento, debendo conservarse mentres persista o tratamento dos datos do afectado.

Os datos de carácter persoal só se poderán recoller para o seu tratamento, así como sometelos ó dito tratamento, cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveran.

Isto quere dicir que non se poderán utilizar datos dos cidadáns para tratamentos distintos ós declarados, e que non se poderán utilizar máis datos dos estritamente necesarios para a finalidade prevista. Así, por exemplo, podería ser considerado como excesivo obter datos sobre a saúde ou a situación patrimonial dun cidadán cando estes datos non fosen estritamente necesarios para realizar un determinado trámite ou acceder a un determinado servizo ofrecido pola administración pública.

Os datos de carácter persoal serán exactos e postos ó día de forma que respondan con veracidade á situación actual do afectado.

Convén destacar que, como norma xeral, para poder realizalo tratamento de datos de carácter persoal requírese o consentimento inequívoco, específico e informado do cidadán.

Por consentimento enténdese toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos persoais que lle concirnen.



Este consentimento debe ser expreso e por escrito no caso dos datos persoais especialmente protexidos relativos á ideoloxía, relixión e/ou crenzas do interesado.

A solicitude do consentimento deberá ir referida a un tratamento ou serie de tratamentos concretos, con delimitación da finalidade para os que se obtén, así como das restantes condicións que concorran no tratamento ou serie de tratamentos.

Convén destacar, así mesmo, que o novo regulamento de desenvolvemento da LOPD establece que lle corresponderá ó responsable do tratamento a proba da existencia do consentimento do afectado por calquera medio de proba admisible en dereito. Polo tanto, para os efectos de poder probalo consentimento do cidadán, sería moi recomendable obter unha proba por escrito (sinatura do interesado) sempre que isto fose posible, ou ben rexistra-la pulsación nun botón se a captura dos datos se levase a cabo a través dun formulario Web, ou recorrer á gravación da conversa se os datos fosen facilitados polo interesado a través dunha chamada de teléfono.

O consentimento do interesado non é necesario no tratamento de datos persoais necesarios para o exercicio de funcións da administración pública.

Tampouco se require o consentimento do interesado cando o tratamento dos seus datos de carácter persoal se realice no marco dun contrato ou precontrato dunha relación negocial ou laboral e estes datos sexan necesarios para o seu mantemento ou cumprimento.

Así, por exemplo, non é necesario obte-lo consentimento dos traballadores para trata-los seus datos persoais no marco estrito da relación laboral (confección de nóminas, obrigas fiscais, etc.), ou dos clientes e provedores no marco da relación negocial (contabilidade e trámites fiscais, etc.).

Tampouco é necesario o consentimento do interesado cando os datos persoais tratados se obtiveran de fontes accesibles ó público.

Considéranse fontes accesibles ó público a lista telefónica actualizada (é dicir, a lista do ano en curso, pero non as listas telefónicas de anos anteriores), boletíns oficiais, medios de comunicación e relación de membros de colexios profesionais.

Convén destacar que non se considera unha fonte pública a información que se poida localizar noutros medios: páxinas Web en Internet (agás que se correspondan cun boletín oficial ou un medio de comunicación), bases de datos que foran recompiladas por terceiros, etc.

Así mesmo, é necesario ter en conta que a adquisición dunha determinada base de datos persoais en CD, DVD ou outro tipo de soporte informático podería non estar amparada pola LOPD, se os datos incluídos fosen obtidos sen o consentimento dos interesados ou non procedían de fontes consideradas como públicas. O comprador destas bases de datos (considerado como un destinatario dunha cesión de datos, a efectos legais) tamén se considera responsable do cumprimento das disposicións da lei (artigo 11.5 da LOPD).

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos:

Un tratamento de datos non consentido representa unha infracción grave, cunha sanción mínima de 60.101 euros. Neste sentido, situacións bastante habituais na actualidade que poderían representar un tratamento de datos non consentido serían algunhas das que se expoñen a continuación (baseadas en exemplos de sancións reais impostas pola Axencia de Protección de Datos):

- Exemplo 1: o envío dunha carta a potenciais candidatos que puidesen estar interesados nun produto ou servizo e cuxos

datos de contacto foran localizados a partir de listas telefónicas xa caducadas, é dicir, listas telefónicas que foran actualizadas mediante novas edicións impresas, as cales, segundo o artigo 28.3 da LOPD, anulan o carácter de fonte accesible das edicións anteriores.

- Exemplo 2: a obtención de datos a partir de listados e bases de datos supostamente públicas (o feito de que se poidan obter, por exemplo, a través dunha páxina Web, non quere dicir que teñan a consideración de fonte pública) ou a través doutras fontes (ter coñecemento de que un determinado cidadán tivo un accidente de tráfico e ofrecerlle mediante unha carta personalizada servizos que poderían resultar do seu interese, por citar outro exemplo baseado nun caso real).

- Exemplo 3: a inclusión da fotografía dalgún empregado ou persoa relacionada coa institución nos seus folletos, catálogos ou páxinas Web, sen contar co seu consentimento previo (xa que neste caso se estaría excedendo o marco da relación laboral, por exemplo, se se tratase dun empregado).

- Exemplo 4: a modificación dos datos dun cidadán (domicilio, número de conta...) sen poder probar que se contaba co seu consentimento para realiza-la dita modificación, situación típica que se podería producir se se aceptase unha petición de modificación mediante unha simple chamada telefónica que non fora autenticada nin rexistrada.

Manter inexactos os datos dos cidadáns (usuarios de servizos públicos, clientes, empregados, provedores, etc.) podería supor unha sanción mínima de 60.101 euros, correspondente a unha infracción grave.

Se o ficheiro con datos de carácter persoal perde a finalidade orixinaria, non se permite a súa reutilización para outras actividades, polo que os seus datos deberían ser destruídos, xa que en caso contrario tamén se podería impoñer unha sanción mínima de 60.101 euros.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación:

Cada empregado debe coñecer e estar familiarizado cos ficheiros que inclúen datos de carácter persoal que foran declarados no seu departamento e, en especial, aqueles que deba manexar de forma habitual para cumprir coas súas funcións e obrigas dentro do seu departamento.

Deberá utilizar unha cláusula tipo como a que se presenta a continuación para informar e solicita-lo consentimento para o tratamento dos datos de carácter persoal dos interesados:

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), informámoslle de que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente facilite serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro (especifica-lo nome do ficheiro) cuxo responsable é o organismo XXX (especifica-lo nome do organismo), para a finalidade especificada (resumi-la finalidade do tratamento). Ó cubrir este (formulario/páxina Web/impreso) vostede consente expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal. Así mesmo, vostede poderá exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a Lei dirixíndose por escrito ó organismo XXX, con domicilio en XXX (especifica-los datos de contacto).

Queda totalmente prohibida a realización de copias de bases de datos ou documentos clasificados como confidenciais ou que conteñan datos de carácter persoal sen que exista a autorización expresa do responsable do departamento. Se fose necesario realizar unha copia dunha base de datos, o empregado tería



que solicitar autorización ó responsable do seu departamento (ou persoa delegada).

Se por algunha razón operativa fose necesario realizar copias temporais (por exemplo, a creación de táboas temporais de persoas nunha folla de cálculo como Excel ou nun procesador de textos como Word), o empregado responsable encargárase de protexer de forma axeitada as ditas copias temporais, as cales terán que ser borradas no menor espazo de tempo posible. Lémbrese que sempre será preferible traballar directamente coas bases de datos e ficheiros centrais do departamento, para garantir que os datos se encontran actualizados e coas medidas de seguridade adecuadas.

Non se poderán exportar directorios, arquivos ou documentos na rede sen contar coa autorización expresa do responsable do departamento. En particular, non se enviarán ficheiros de datos persoais a través de redes informáticas externas sen o visto e prace do responsable do departamento.

Os empregados deben manter estrito segredo sobre os datos persoais contidos nos ficheiros do seu departamento, incluso cando concluíra a súa relación laboral. En ningún caso un traballador poderá facilitar datos de carácter persoal a outras empresas ou institucións, xa que está terminantemente prohibido pola lei (e considérase como delito no Código Penal).

Creación ou modificación de ficheiros con datos de carácter persoal:

Principios básicos

Toda persoa ou entidade que proceda á creación de ficheiros de datos de carácter persoal debeo notificar previamente á Axencia de Protección de Datos.

Os ficheiros informatizados con datos de carácter persoal preexistentes á entrada en vigor da LOPD tiveron de prazo até o 15 de xaneiro de 2003 para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

Os ficheiros con datos de carácter persoal que se encontran só en soporte papel tiveron de prazo ata o 24 de outubro de 2007 para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

Non inscribir ficheiros con datos de carácter persoal supón unha infracción leve, cunha sanción mínima de 601 euros.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

Cada departamento encargárase de manter actualizada unha relación de usuarios que teñen permiso de acceso a cada un dos ficheiros con datos de carácter persoal, utilizando para iso un modelo como o que se inclúe no anexo correspondente deste documento.

Os empregados non poderán crear novos ficheiros con datos de carácter persoal se non foron previamente autorizados para iso, a través do responsable do seu departamento ou persoa delegada.

Quedan prohibidos os ficheiros con datos de carácter persoal para uso estritamente particular dos empregados.

En caso de que sexa necesario realizar unha modificación na estrutura ou na finalidade dos ficheiros con datos de carácter persoal, o empregado responsable deberá comunicalo por escrito ó responsable do seu departamento (ou persoa delegada se é o caso) para que se poida proceder á súa actualización no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

Do mesmo xeito, o empregado deberá comunica-lo cesamento na utilización dun determinado ficheiro con datos de carácter persoal para que poida ser revisada a súa situación en todo

o departamento, por se fose necesario proceder a notificarla súa supresión ante o Rexistro Xeral de Protección de Datos. Neste caso, o responsable do departamento en cuestión deberá comunicar esta situación mediante un correo electrónico (ou circular interna en papel) a outros departamentos do organismo, antes de solicita-la baixa definitiva do ficheiro, para poder comprobar que o dito ficheiro non está sendo utilizado noutros departamentos.

O responsable do departamento (ou persoa delegada) é a persoa encargada de notificar-la creación, modificación ou supresión de ficheiros con datos de carácter persoal, debendo cubrir para iso o correspondente formulario oficial da Axencia de Protección de Datos.

Contratación de tratamentos de ficheiros con datos de carácter persoal a terceiros:

Principios básicos

Convén distinguir entre dúas situacións que poden xerar unha certa confusión: a LOPD diferencia entre o tratamento encargado a un terceiro da cesión ou comunicación de datos a un terceiro. Así, sempre que se encargue un traballo a un terceiro (empresa, profesional ou outro organismo público) en virtude do cal o terceiro teña que acceder ou utilizar datos de carácter persoal incluídos nun ficheiro do que é titular o organismo ou departamento que realiza a subcontratación, encontrámonos no caso dun tratamento encargado a un terceiro.

Os tratamentos de ficheiros con datos de carácter persoal encargados a un terceiro sempre estarán regulados nun contrato por escrito, establecéndose expresamente que o encargado do tratamento só poderá trata-los datos conforme ás instrucións do organismo ou departamento responsable do ficheiro, que non os aplicará ou utilizará cunha finalidade distinta á que figure no dito contrato, nin os poderá comunicar (nin sequera para a súa conservación) a outras persoas, e que os ditos datos terán que ser eliminados de forma segura polo encargado do tratamento unha vez que concluíra o seu traballo.

Así mesmo, neste contrato indícase expresamente que o encargado do tratamento deberá implanta-las medidas de seguridade correspondentes ó nivel de protección do ficheiro.

O encargado do tratamento non poderá subcontratar cun terceiro a realización de ningún tratamento que lle encomendara o responsable do tratamento, agás que obtivera deste autorización para iso. Neste caso, a contratación efectuarase sempre en nome e por conta do responsable do tratamento.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

Se o departamento non formalizara a relación co encargado do tratamento mediante un contrato, tal e como establece a LOPD, tamén podería ser considerado como responsable e sancionado en consecuencia se se producira algún incumprimento das medidas de seguridade ou da utilización do ficheiro por parte do encargado do tratamento.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

A contratación dun tratamento de ficheiros con datos de carácter persoal a outra empresa ou institución sempre se deberá levar a cabo contando coa debida autorización do departamento.

O tratamento de datos encargado a un terceiro formalízase mediante un contrato que se arquivará no departamento. Deberase consultar á asesoría legal do departamento para confirmar tódolos detalles relacionados coas cláusulas que se incorporarán dentro de cada contrato.



Sería conveniente manter actualizado en cada departamento un rexistro dos tratamentos con datos de carácter persoal que foran encargados a terceiros, así como de calquera modificación na súa situación.

Cesións de ficheiros con datos de carácter persoal a terceiros:

Principios básicos

Hai que ter en conta que, como norma xeral, só se poderán ceder os datos de carácter persoal se se dispón da autorización expresa dos interesados.

* Será nulo o consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal a un terceiro cando a información que se facilite ó interesado non lle permita coñecer a finalidade á que destinarán os datos cuxa comunicación se autoriza ou o tipo de actividade daquel a quen se pretenden comunicar.

* A LOPD dispón que o consentimento para a comunicación dos datos de carácter persoal tamén ten un carácter de revogable.

Esta autorización dos interesados non será necesaria nalgúns casos contemplados pola LOPD:

* Cando a cesión está autorizada nunha lei (por exemplo, cesión de datos de empregados e de provedores á Axencia Tributaria en cumprimento das obrigas fiscais).

* Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ó público.

* Cando o tratamento responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cuxo desenvolvemento, cumprimento e control implique necesariamente a conexión do dito tratamento con ficheiros de terceiros.

* Cando a cesión se produza entre administracións públicas e teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.

* Cando a comunicación que deba efectuarse teña por destinatario ó Defensor do Pobo, ó Ministerio Fiscal, ou ós xuíces ou tribunais ou ó Tribunal de Contas, no exercicio das funcións que ten atribuídas.

A contratación dun tratamento de ficheiros con datos de carácter persoal a outra empresa ou institución non se considera unha cesión de datos.

Hai que ter en conta que no caso particular das administracións públicas poderanse ceder os datos de carácter persoal que unha administración pública obteña ou elabore con destino a outra, sen que neste caso sexa necesario o consentimento do afectado.

* Emporiso, os datos de carácter persoal recollidos ou elaborados polas administracións públicas para o desenvolvemento das súas atribucións non poderán ser cedidos a outras administracións públicas para o exercicio de competencias diferentes ou de competencias que versen sobre materias distintas, agás que a dita cesión teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

Compartir bases de datos entre distintas persoas xurídicas (por exemplo, entre empresas con distinto CIF pero integradas nun mesmo grupo empresarial) supón unha cesión de datos non consentida, o que representa unha infracción moi grave da LOPD, cunha sanción mínima de 300.505 euros.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

A cesión de ficheiros con datos de carácter persoal a outro organismo público, empresa ou institucións sempre se deberá levar a cabo contando coa debida autorización do departamento.

Deberíase manter un rexistro das cesións de ficheiros con datos de carácter persoal, a fin de poder informar ós interesados cando estes así o requiran.

Xestión dos soportes informáticos:

Principios básicos

Por soporte informático, segundo o regulamento de desenvolvemento da LOPD, enténdese a calquera "obxecto físico susceptible de ser tratado nun sistema de información e sobre o cal se poidan gravar ou recuperar datos". Con esta definición legal considéranse soportes informáticos os CD-ROM, cintas de back-up, disquetes ou outros tipos de unidades de almacenamento externo.

O regulamento de desenvolvemento da LOPD esixe que os soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal permitan identificar o tipo de información que conteñen, se encontren debidamente inventariados e se almacenen nun lugar con acceso restrinxido ó persoal que fora autorizado para iso.

Así mesmo, a saída de soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal, fóra dos locais nos que estea situado o ficheiro, só poderá ser autorizada polo responsable do ficheiro.

Para os ficheiros considerados de nivel medio e alto, o departamento deberá establecer un rexistro de entrada e un rexistro de saída de soportes informáticos, reflectindo en cada caso o tipo de soporte, a data e hora, o emisor ou destinatario, o número de soportes, o tipo de información que conteñen, a forma de envío e a persoa responsable da entrega ou da recepción do soporte.

Neste último caso, é dicir, para datos de ficheiros de nivel medio e alto, cando un soporte vaia ser rexeitado ou reutilizado, o departamento terá que adoptar as medidas necesarias para impedir calquera recuperación posterior da información almacenada nel, previamente a que se proceda á súa baixa definitiva no inventario.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

O incumprimento destes principios en relación cos soportes informáticos pode ser obxecto dunha sanción de carácter grave por parte da Axencia de Protección de Datos ("trata-los datos de carácter persoal ou usalos posteriormente con conculcación dos principios e garantías establecidos nesta lei"), polo que á institución responsable lle podería ser imposta unha multa de entre 60.101 e 300.506 euros.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

Os soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal deben estar debidamente etiquetados para facilita-la identificación do tipo de información que conteñen.

O departamento encargarse de manter actualizado un inventario de soportes con datos de carácter persoal, utilizando para iso un modelo como o que se presenta no anexo correspondente deste documento.

Os soportes deberán ser almacenados de forma segura. Cada empregado deberase responsabilizar de conservar nun caixón ou nun armario baixo chave os soportes que conteñan datos de carácter persoal.

Só o persoal debidamente autorizado poderá ter acceso ós soportes que inclúan datos de carácter persoal.

Aqueles soportes que sexan reutilizables e que contiveran copias de datos de carácter persoal deberán ser borrados fisicamente de forma segura antes da súa reutilización, de xeito que os datos que contiñan non sexan recuperables.



Os soportes rexeitados que contiveran datos de carácter persoal serán destruídos debidamente por parte do persoal do departamento de informática da organización, e esta operación tamén quedará rexistrada no inventario de soportes informáticos. Deste modo, todos os disquetes, CD-ROM, cintas de backup ou outro tipo de soportes que foran refusados serán destruídos fisicamente por parte do persoal do departamento de informática da organización.

A saída de soportes que conteñan datos de carácter persoal fóra dos locais e instalacións da organización deberá ser autorizada expresamente polo responsable do departamento (ou persoa delegada). Esta autorización darase por escrito, rexistrando nela os datos identificativos do soporte en cuestión, a data de saída e o organismo ou institución á que se envía o soporte.

Cando os soportes vaian saír fóra dos locais e instalacións da organización deberán adoptarse as medidas necesarias para impedir calquera recuperación indebida da información almacenada neles.

É necesario manter un rexistro de tódalas entradas e saídas de soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal, sempre e cando estes datos se correspondan a ficheiros de nivel medio e de nivel alto. Non será necesario realizar este rexistro de entradas e saídas nos datos de ficheiros de nivel básico.

Para cubri-los rexistros de entradas e de saídas de soportes utilizaranse os modelos incluídos nos anexos correspondentes deste documento.

Medidas de seguridade relacionadas coa protección dos ficheiros:

Principios básicos

A LOPD obriga á implantación de importantes medidas de seguridade tanto de carácter técnico coma organizativo ás organizacións que leven a cabo tratamentos de ficheiros con datos persoais.

Estas medidas de seguridade foron inicialmente definidas no Regulamento de medidas de seguridade (Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aprobaba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal) que foi derogado máis recentemente polo novo Regulamento de desenvolvemento da LOPD (Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro).

Distínguense tres niveis de seguridade en función do tipo de datos incluídos nos ficheiros: nivel básico, nivel medio e nivel alto.

- Medidas de seguridade de nivel básico: de aplicación a tódolos ficheiros de datos de carácter persoal.

- Medidas de seguridade de nivel medio: medidas de seguridade adicionais de aplicación ós ficheiros que conteñan datos relativos á comisión de infraccións penais e administrativas, ficheiros de facenda pública, ficheiros de clientes de servizos financeiros, ficheiros de entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, ficheiros de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. Así mesmo, considéranse dentro deste nivel aqueles ficheiros que conteñan un conxunto de datos de carácter persoal que permitan obter unha avaliación da personalidade do individuo.

- Medida de seguridade de nivel alto: medidas de seguridade adicionais de aplicación ós ficheiros que conteñan datos considerados como especialmente protexidos: ideoloxía, relixión, crenzas, orixe racial, saúde ou vida sexual, así como os obtidos para fins policiais.

É necesario prestar unha maior atención ós ficheiros que puidesen incluír datos persoais considerados como de nivel alto, pola especial protección que lles confire a LOPD. Os ficheiros que poidan incluír datos relativos á saúde das persoas considéranse ficheiros de nivel alto, polo que se lles deberían aplicar tódalas medidas previstas no Regulamento de medidas de seguridade.

- O novo regulamento de desenvolvemento da LOPD establece que no caso de ficheiros ou tratamentos de datos de ideoloxía, afiliación sindical, relixión, crenzas, orixe racial, saúde ou vida sexual bastará a implantación das medidas de seguridade de nivel básico cando os datos se utilicen coa única finalidade de realizar unha transferencia en diñeiro ás entidades das que os afectados sexan asociados ou membros.

- Tamén se establece neste novo regulamento de desenvolvemento da LOPD que se poderán implanta-las medidas de seguridade de nivel básico nos ficheiros ou tratamentos que conteñan datos relativos á saúde, referentes exclusivamente ó grao de discapacidade ou á simple declaración da condición de discapacidade ou invalidez do afectado, con motivo do cumprimento de deberes públicos (nóminas, declaracións IRPF, etc.).

- Convén sinalar que moitas organizacións poden estar recollendo e tratando na actualidade datos especialmente protexidos sen ser conscientes das súas implicacións: hoteis e restaurantes que rexistren información sobre posibles doenzas ou problemas de saúde dos seus clientes para ofrecerlles dietas personalizadas; ximnasios que reflíctan posibles discapacidades ou problemas físicos dos seus socios para ter previsto calquera tipo de incidencia relacionada coa súa saúde; centros de ensino que poidan recoller certificados médicos dos alumnos para xustificar determinadas ausencias a clase ou a exames; etc.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

O incumprimento destas medidas de seguridade pode ser obxecto dunha sanción por parte da Axencia de Protección de Datos, de carácter grave ou moi grave, polo que á institución responsable poderíalle ser imposta unha multa de entre 60.101 e 601.012 euros, dependendo do nivel de seguridade do ficheiro de datos de carácter persoal e da gravidade da infracción.

Así, por exemplo, a Axencia de Protección de Datos impuxo importantes sancións a empresas que non protexeron de forma adecuada ás súas bases de datos (nalgúns casos estas podíanse consultar a través de páxinas Web, debido a un burato de seguridade no seu sistema informático).

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

Cada empregado debe coñecer e acepta-las normas e medidas de seguridade relacionadas cos ficheiros de datos de carácter persoal, facéndose responsable dos danos e perdas que puidese causa-la súa falta de cumprimento dilixente.

Utilización dos equipos e dos servizos informáticos:

* Os equipos informáticos do departamento só poderán ser utilizados para os fins e servizos utilizados como soporte da actividade profesional que desempeña dentro da organización.

* Cada empregado deberase responsabilizar da seguridade na utilización do seu equipo informático, impedindo que poida ter acceso a el o persoal que non se encontre debidamente autorizado.

* Cada empregado debe evitar que outras persoas (sexan ou non empregados da organización) poidan visualizar na pantalla do seu equipo datos que se poidan considerar confidenciais ou de carácter persoal, agás que estas persoas se encontren debidamente autorizadas para iso (1).



* Deberase deixar sempre o equipo bloqueado con contrasinal ante unha ausencia do posto de traballo, aínda que esta sexa breve.

* Cada empregado terá que cancelar tódalas sesións activas e conexións cos servidores antes de remata-la xornada de traballo no seu equipo (2).

* Non se introducirán CD-ROM's, disquetes ou outros soportes nos equipos sen a comprobación previa de que non conteñen riscos de ningunha clase (estean danados, conteñan virus, etc.).

(1) Enténdese que o persoal do Departamento de Informática está autorizado a acceder ós equipos informáticos no exercicio das súas funcións, dentro das tarefas que ten encomendadas para o mantemento dos recursos e servizos informáticos da organización.

(2) Nalgunhas circunstancias o persoal do Departamento de Informática poderá deixar unha sesión aberta nos seus equipos para realizar tarefas administrativas, sempre e cando o equipo fora bloqueado de forma segura.

* Os equipos informáticos non poden ser sacados fóra do departamento por un empregado sen a correspondente autorización. En particular, os ordenadores portátiles, axendas electrónicas (PDAs) e equipos similares deben transportarse nunha bolsa acondicionada, e nunca se deberían deixar desatendidos en sitios públicos por parte do empregado responsable da súa utilización.

* Calquera usuario do sistema será informado das tarefas de monitorización e vixilancia do sistema informático que puideran ser realizadas polo persoal técnico da organización (entre as que poderíamos cita-lo rexistro das conexións e dos intentos de acceso ós recursos do sistema, a monitorización remota de estacións de traballo, o seguimento dos ficheiros enviados ou recibidos por medios electrónicos, etc.) co fin de detectar problemas que afecten á seguridade do sistema (introdución de virus e outros códigos daniños) evitar abusos ou actividades non permitidas, impedi-la subtracción de información confidencial, etc.

Configuración e mantemento dos equipos

* Os empregados só poderán utiliza-las ferramentas corporativas (aplicacións de xestión, ferramentas ofimáticas de produtividade persoal e ferramentas de comunicación como o correo electrónico), quedando totalmente prohibida a instalación doutro tipo software nos ordenadores da organización que non fora expresamente autorizado polo Departamento de Informática.

* Non se poderán cambia-las configuracións dos equipos sen a autorización do Departamento de Informática.

* No caso de detectar un mal funcionamento nun determinado equipo, deberase comunicar esta incidencia ó Departamento de Informática para que poida proceder a solucionar-lo problema cumprindo coas directrices de seguridade establecidas.

* As probas anteriores á implantación ou modificación das aplicacións e sistemas informáticos que traten ficheiros con datos de carácter persoal non se realizarán con datos reais.

Xestión de contrasinais e permisos de acceso

* Cada empregado utilizará sempre o seu usuario/contrasinal (login/password) para acceder ó seu ordenador, debendo cumprirlas directrices da organización no relativo ós contrasinais (composición, tamaños e caducidade).

* Os empregados deberán conservar de forma segura os seus contrasinais, impedindo que poidan ser coñecidos e utilizados por outros usuarios. En ningún caso poderán ser compartidos con outros usuarios do sistema.

* En caso de que un usuario do sistema detectase máis privilexios de acceso dos que ten oficialmente asignados para poder cumprir coas súas funcións (permisos para acceder a carpetas doutros usuarios ou departamentos, por exemplo), deberá poñelo en coñecemento do Departamento de Informática.

Copias de seguridade dos datos

* O Departamento de Informática encargárase de realizar copias de seguridade diarias de tódolos documentos e ficheiros rexistrados que poidan conter datos de carácter persoal.

* Os soportes utilizados para realiza-las copias de seguridade estarán debidamente protexidos para impedir que poidan ser danados ou subtraídos da organización.

* As restauracións que afecten a ficheiros con datos de carácter persoal só poderán realizarse coa correspondente autorización dun responsable de seguridade, sendo rexistradas mediante un modelo como o que se presenta no anexo correspondente que se inclúe ó final deste documento.

Utilización de internet e do correo electrónico

* Limitarase o acceso a Internet só para fins profesionais, compatible coas funcións propias do posto de traballo, prohibíndose actividades de Internet alleas ó dito fin. Prohibese expresamente a descarga e intercambio de ficheiros dixitais (música, vídeos, libros, etc.) que poidan vulnera-la propiedade intelectual. En caso de dúbida sobre a lexitimidade no acceso a algún servizo de Internet o empregado deberá consultar ó responsable do seu departamento.

* O correo electrónico é considerado unha ferramenta de traballo que a organización pon en mans do traballador exclusivamente para o desenvolvemento das funcións que lle foron encomendadas. A conta de correo electrónico asignada ó traballador terá a consideración de correo de empresa e non poderá ser utilizada para fins ou comunicacións privadas.

Medidas de seguridade de nivel alto aplicables ós ficheiros considerados dentro deste nivel

Distribución de soportes

* A distribución dos soportes que conteñan datos de carácter persoal de nivel alto realizarase cifrando os ditos datos, ou ben utilizando calquera outro mecanismo que garanta que a dita información non sexa intelixible nin manipulada durante o seu transporte.

Transmisión dos datos a través de redes de telecomunicacións

* A transmisión de datos de carácter persoal de nivel alto a través de redes de telecomunicacións realizarase cifrando os ditos datos ou ben utilizando calquera outro mecanismo que garanta que a información non sexa intelixible nin manipulada por terceiros.

Rexistro de accesos

* De cada acceso ós datos de nivel alto gardaranse, como mínimo, a identificación do usuario, a data e hora en que tivo lugar o acceso, o ficheiro accedido, o tipo de acceso e se este foi autorizado ou denegado. No caso de que o acceso fora autorizado, será preciso gardar ademais a información que permita identifica-lo rexistro accedido.

* O período mínimo de conservación dos datos rexistrados será de dous anos.

* O responsable de seguridade encargárase de revisar periodicamente a información de control rexistrada e elaborará un informe das revisións realizadas e os problemas detectados, cando menos unha vez ó mes.

Copias de seguridade



* A organización deberá conservar unha copia de seguridade dos datos de nivel alto nun lugar diferente daquel en que se encontren os equipos informáticos que os tratan.

Medidas de protección dos datos que se encontren en soporte papel

Principios básicos

* En virtude do disposto polo marco normativo en materia de protección de datos, tamén é necesario implanta-las medidas de seguridade necesarias para impedir accesos non autorizados ós datos de carácter persoal que se encontren en soporte papel.

* De acordo co criterio da Axencia de Protección de Datos, deberanse implanta-las medidas de seguridade que, malia estaren previstas para tratamentos automatizados, pola súa natureza sexan tamén aplicables a ficheiros en soporte papel.

* O novo regulamento de desenvolvemento da LOPD establece de forma detallada cales son as medidas de seguridade aplicables ós ficheiros en soporte papel.

* Cada empregado debe coñecer e acepta-las normas e medidas de seguridade relacionadas cos ficheiros de datos de carácter persoal que se encontren en soporte papel, facéndose responsable dos danos e prexuízos que puidese causa-la súa falta de cumprimento dilixente.

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

* O incumprimento das medidas de seguridade nos ficheiros en soporte papel tamén pode ser obxecto dunha sanción por parte da Axencia de Protección de Datos, de carácter grave ou moi grave, polo que á institución responsable poderíalle ser imposta unha multa de entre 60.101 e 601.012 euros, dependendo do nivel de seguridade do ficheiro de datos de carácter persoal e da gravidade da infracción.

* Así, por exemplo, a Axencia de Protección de Datos sancionou pola comisión dunha infracción grave a empresas que tiraron directamente ó lixo (sen destruír) os currículos vitae de candidatos presentados a un proceso de selección persoal. Estas sancións acadaron os 300.505 euros no caso de clínicas privadas que non protexeran de forma adecuada os historiais clínicos dos seus pacientes (nalgúns casos apareceron os historiais dos pacientes en plena rúa nun contedor de lixo).

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

Ademais das medidas xa previstas relacionadas coa definición das funcións e obrigas do persoal con acceso ós documentos en soporte papel, a relación con encargados de tratamento, o rexistro das incidencias que poidan afectar á seguridade, etc., é necesario implantar unha serie de medidas específicas co obxecto de garanti-la seguridade dos datos persoais que se encontren en soporte papel, e que son as que se presentan a continuación:

Medidas aplicables ós ficheiros en soporte papel de nivel básico:

* Criterios de arquivo: a organización debe definir uns criterios de arquivo dos documentos en soporte papel que permitan garanti-la correcta conservación dos ditos documentos, a localización e consulta da información e posibilita-lo exercicio dos dereitos de oposición ó tratamento, acceso, rectificación e cancelación dos cidadáns.

* Dispositivos de almacenamento: os armarios, caixóns e dispositivos similares deberán dispor de mecanismos que obstaculicen a súa apertura, para evita-lo acceso ós documentos por parte de persoas non autorizadas.

* Custodia dos soportes: a persoa que se encontre ó cargo dun documento no transcurso da súa revisión ou tramitación debe-

rá custodialo e impedir en todo momento que poida ser accedido por persoas non autorizadas. Así mesmo, encargarse de conservalos de forma segura, gardándoos nun caixón ou armario baixo chave se por algunha circunstancia tivese que ausentarse do seu despacho ou mesa de traballo.

Medidas aplicables ós ficheiros en soporte papel de nivel medio

* Responsable de seguridade: a organización debe designar unha persoa ou persoas como responsables da seguridade destes ficheiros.

* Auditoría das medidas de seguridade: tense que realizar unha auditoría interna ou externa cunha frecuencia non superior ós dous anos, para verifica-la correcta implantación das medidas de seguridade previstas e a súa adecuación ó tipo de datos de carácter persoal obxecto de tratamento por parte da organización.

Medidas aplicables ós ficheiros en soporte papel de nivel alto

* Almacenamento seguro da información: os armarios, arquivos ou outros elementos nos que se almacenen os ficheiros non automatizados con datos de carácter persoal deberán encontrarse en áreas nas que o acceso estea protexido con portas de acceso dotadas de sistemas de apertura mediante chave ou outro dispositivo equivalente. As ditas áreas deberán permanecer pechadas cando non sexa preciso o acceso ós documentos incluídos no ficheiro.

* Copia ou reprodución dos documentos: a xeración de copias ou a reprodución dos documentos só poderá ser realizada baixo o control do persoal autorizado no documento de seguridade. Deberá procederse á destrución das copias ou reproducións rexeitadas de forma que se evite o acceso á información contida nelas ou a súa recuperación posterior. Así, por exemplo, poderíase establecer un procedemento para a destrución dos documentos con datos de carácter persoal e outros datos sensibles mediante unha máquina trituradora de papel ou procedendo á súa incineración (coas adecuadas medidas de protección para evita-lo risco de incendio).

* Control de acceso á documentación: o acceso á documentación limitarase exclusivamente ó persoal autorizado. Para garantir esta medida, teranse que establece-los mecanismos que permitan identifica-los accesos realizados no caso de documentos que poidan ser utilizados por múltiples usuarios.

* Traslado da documentación: sempre que se proceda ó traslado físico da documentación contida nun ficheiro, a organización deberá adopta-las medidas necesarias dirixidas a impedi-lo acceso ou manipulación da información obxecto de traslado.

Xestión das incidencias que poidan afectar á seguridade dos ficheiros

Principios básicos

* A LOPD obriga ó mantemento dun rexistro de incidencias por parte do organismo ou institución responsable de cada ficheiro.

* É necesario sinalar que se entende por incidencia "calquera anomalía que afecte ou puidese afectar á seguridade dos datos", polo que non se refire só a cuestións informáticas (mal funcionamento dos equipos ou ás aplicacións, por exemplo), senón que tamén se terán en conta outras cuestións de tipo humano ou organizativo (perda de contraseñais por parte dun empregado, por exemplo).

Problemas derivados do incumprimento dos principios básicos

* O incumprimento deste requisito pode ser obxecto dunha sanción de carácter grave por parte da Axencia de Protección de Datos (" trata-los datos de carácter persoal ou usalos posteriormente con conculcación dos principios e garantías estable-



cidos nesta lei”), polo que á institución responsable poderíalle ser imposta unha multa de entre 60.101 e 300.506 euros.

Normas e procedementos propostos para facilita-lo cumprimento da lexislación

* Para cumprir cos requirimentos da LOPD, o departamento debería habilitar un rexistro en soporte papel (ou unha base de datos en soporte informático) para poder archivar cada incidencia, indicando o tipo de incidencia, o momento en que se produciu, a persoa que realiza a notificación, a quen se lle comunica e os efectos que se derivaran dela.

* Cada empregado que tivese coñecemento dunha incidencia deberá informar desta canto antes á persoa designada dentro do seu departamento, para que poida ser resolta de forma adecuada e anotada no rexistro interno de incidencias. Esta notificación realizarase cubrindo o modelo que se incluíu no anexo correspondente deste documento.

Procedementos para garanti-los dereitos de información, acceso, rectificación, cancelación ou oposición dos cidadáns

Principios básicos

* De acordo co artigo 15 da LOPD, cada cidadán ten o dereito de solicitar e obter gratuitamente información dos seus datos de carácter persoal sometidos a tratamento, a orixe dos ditos datos, así como as comunicacións realizadas ou que se prevén facer deles.

